

2

mulleres foron asasinadas en Galiza no que vai de ano en casos de **violencia machista**

3.454

denuncias por violencia machista recibidas no primeiro semestre de 2023

3.410

vítimas de violencia machista no primeiro semestre de 2023

972

ordes e medidas de protección e seguridade das vítimas incoadas no primeiro semestre de 2023

41

vítimas menores de idade no primeiro semestre de 2023

472

sentenzas condenatorias por violencia machista no primeiro semestre de 2023

25N

Día internacional contra a **violencia machista**

Detrás dos números hai **vidas estragadas** polo **terrorismo machista**

25N

Día internacional
contra a **violencia machista**



bng.gal
escanea para
ler o decálogo de
medidas urxentes

Detrás dos números hai **vidas estragadas** polo **terrorismo machista**

Os **feminicidios** son a punta do iceberg dunha violencia brutal e transversal que atravesada todas as esferas da sociedade, unhas máis visíbeis, outras invisíbeis, sutís, ocultadas.

Aínda que hoxe **hai persoas, institucións e partidos políticos que negan ou banalizan a existencia da violencia machista**, a realidade é incontestábel. Estas son cifras oficiais do Observatorio de Violencia do Consello Xeral do Poder Xudicial e non admiten discusión. Son só unha parte dunha violencia moito máis grande que non somos quen de medir. Faltan as que non acudiron a unha institución, faltan todas aquelas violencias que non chegan a coñecerse ou a identificarse como tal.

As violencias machistas teñen moitas caras e traballan 24 horas ao día estragando vidas como máxima

expresión do patriarcado. Temos que as combater con máis intensidade e máis recursos, porque as mulleres **querémonos vivas e libres**. Este 25N saímos ás rúas para esixir un decálogo de medidas urxentes. Unha axenda de prioridades que vai do ensino á sanidade pasando polo ámbito xudicial **para mellorar a protección e aumentar a atención psicolóxica**. Desde **incrementar a contía das axudas** para as vítimas ata **reforzar a loita contra a violencia sexual**. De destinar **1 de cada 100 euros** do orzamento da Xunta a loitar contra a violencia machista ou **garantir o dereito a unha vivenda e acabar coa violencia económica**.

Queda moito por facer e canto máis nos cuestionen, máis forte será a nosa resposta. **Nin un paso atrás.**